

ANUNCIO

A alcaldesa ditou a resolución núm.; 2026-2236, con data de 15/06/2026 pola que aproba a lista definitiva de persoas admitidas, constitución tribunal e data da proba do proceso de selección 2 peóns forestais para a realización do programa “XESTIÓN DA BIOMASA VEXETAL EN VIARIO E ESPAZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2026”, na cal se establece o seguinte:

“RESOLUCIÓN

A Orde do 22 de xaneiro do 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G) publicouse no *Diario Oficial de Galicia*, núm. 24, do 05/02/2026.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración outorgou ao Concello de Redondela unha subvención de 33.910,06 € para a contratación de dúas persoas traballadoras desempregadas durante 9 meses para a realización do programa denominado “XESTIÓN DA BIOMASA VEXETAL EN VIARIO E ESPAZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2026”, con data de 22/04/2026 ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro do 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo e se procede á súa convocatoria para o ano 2026.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2026-1972, con data de 26/05/2026, pola que aprobou as bases que rexerán a contratación dous postos n , PEÓN FORESTAL para realizar o programa “XESTIÓN DA BIOMASA VEXETAL EN VIARIO E ESPAZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2026”, mediante un contrato de traballo temporal, vinculado a programas de políticas activas de emprego, a tempo completo, polo período de 9 meses, incluída a parte proporcional de vacacións que lles corresponden.

As persoas traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos, e polas que se outorgue a subvención, deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estaren dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

Tras presentar a oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, o día 29/05/2026, a Oficina de Emprego de Redondela remitiu o resultado da selección das persoas candidatas



segundo a categoría solicitada.

As persoas preseleccionadas que foron contactadas polo departamento de Persoal vía telefónica e vía correo electrónico a través dos datos que figuraban nos currículos que remitíu a Oficina de Emprego de Redondela tiveron, segundo o previsto nas bases reguladoras deste proceso de selección, un prazo de 3 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao do requirimento, para presentar a instancia de participación no proceso para o que foron preseleccionadas.

Tras finalizar o prazo de presentación de instancias e segundo o previsto nas bases reguladoras destes procesos selectivos que se aprobaron con data de 26/05/2026, a alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2026-2137, con data de 08/06/2026, pola que se aprobaba a lista provisional de persoas admitidas deste proceso selectivo, e en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Admitir, **con carácter definitivo**, no proceso de selección que se convocou para a contratación laboral temporal de 2 PEÓNS FORESTAIS, ás seguintes persoas aspirantes:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	ÁLVAREZ PÉREZ, RUBÉN	**1726***
2	BARRAL AMOEDO, DIEGO	**0083***
3	COUÑAGO BALLESTEROS, ALFONSO	**1735***
4	FERNÁNDEZ COVELO, CLARA	**1274***
5	LOBATO LOBATO, M. ^a CARMEN	**3161***
6	NUÑO GONZÁLEZ, MANUEL	**9894***
7	PEREIRA GARCÍA, FÁTIMA	**0770***
8	VARELA CASTELAO, ADRIAN	**4668***

*Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), número 50, do 13.03.2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os/ás aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.



SEGUNDO: Designar o tribunal cualificador do proceso de selección que se convocou para a contratación laboral temporal de dous peóns, que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

Titular: Fernando Covelo Rodríguez

Suplente: José Manuel Sixto Ben

VOGAIS:

Titular: Manuel Comesaña Araujo

Suplente: José Manuel Lago Guerra

Titular: Natividad Crespo Pérez

Suplente: Andrés Campelos Barciela

Titular: Jesús Pazos Zabaleta

Suplente: Juan Ángel González Camiña

SECRETARIA:

Titular: M.^a Jesús Alonso Comesaña

Suplente: José Carlos Martínez López

TERCEIRO: A constitución do tribunal terá lugar o:

DÍA: 16/06/2026

HORA: 08:30 horas

LUGAR: Na Casa do Concello.

CUARTO: As persoas admitidas quedan convocadas para a realización da proba práctica da fase da oposición o:

DÍA: 18/06/2026

HORA: 9:00 horas

LUGAR: No Pazo do Pousadouro, sito na estrada de Ventosela núm. 8, Redondela

QUINTO: Publicar na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello a relación definitiva de persoas admitidas, os tribunais cualificadores e a data de realización da proba práctica destes procesos selectivos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

